

# NON HAI MUSEO SEN DEBATE

## CICLO DE ENCONTROS NO CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
17-18 de marzo e 22 de setembro de 2016
Entrada libre e de balde até completar a capacidade da sala.

Dirección: Chus Martínez Domínguez e Santiago Olmo
Coordinación: Gema Baños

Estes encontros pretenden ser un lugar de traballo e reflexión ao redor do presente e do futuro dos centros e institucións de arte contemporánea. Nun momento de cambios, tanto na esfera social e política coma na dirección do propio CGAC e doutras institucións públicas galegas, cremos oportuna esta cita para falar sobre o modelo de museo que queremos e necesitamos, compartindo experiencias de profesionais da escena galega e tamén de fóra de Galicia. Unha actividade que pretende situar o CGAC como foro e espazo de debate, como lugar de encontro a partir das preguntas, da crítica e da reflexión.

Os encontros organízanse desde catro mesas —artistas, crítica e mediación, institucións e coleccionismo—, das que partirán cuestións que esperamos sexan recollidas polo público ao que están dirixidas, os diferentes axentes do contexto, para analizar a realidade destas institucións e os retos que cada profesional ten que asumir nun centro destas características. Catro apartados fundamentais do sistema artístico, que serán analizados, como pretexto e como referencia, para propor reflexións desde e para o CGAC e o seu presente despois dos seus máis de vinte anos de traxectoria.

Cal é o papel dos museos? Pode o museo ser unha institución crítica? Aplícanse as boas prácticas no sector? Desde que perspectiva se exerce a crítica de arte? Os artistas teñen poder no museo? De que viven os artistas? Hai un mercado suficiente para o volume da creación? Cales son os seus dereitos e remuneracións no ámbito museístico? Cales son os espazos do comisariado? Quen se responsabiliza das compras dunha colección pública? Hai igualdade de xénero nun ámbito tan progresista aparentemente coma o artístico? Estas son algunhas das preguntas que agardamos sirvan para cartografar e construír, organizar e visualizar un contexto, debuxando outras cuestións interesantes ao redor da reformulación, construción e lexitimación das institucións ao servizo da cidadanía.

O propósito destas xornadas é pór sobre a mesa opinións, traxectorias e experiencias para revisar modelos e compartir novas ideas e estratexias que enriquezan a figura e a significación dos museos e centros de arte contemporánea en Galicia, ideas e estratexias que poden ser trasladadas a calquera outra institución no contexto actual. Porque non pode existir un museo sen debate, nesta ocasión o debate trasládase ás salas do propio museo. Benvidas e benvidos, todas as propostas son ben recibidas!

Estos encuentros pretenden ser un lugar de trabajo y reflexión en torno al presente y al futuro de los centros e instituciones de arte contemporáneo. En un momento de cambios, tanto en la esfera social y política como en la dirección del propio CGAC y de otras instituciones públicas gallegas, creemos oportuna esta cita para hablar sobre el modelo de museo que queremos y necesitamos, compartiendo experiencias de profesionales de la escena gallega y también de fuera de Galicia. Una actividad que pretende situar al CGAC como foro y espacio de debate, como lugar de encuentro a partir de las preguntas, la crítica y la reflexión.

Los encuentros se organizan desde cuatro mesas —artistas, crítica y mediación, instituciones y coleccionismo—, de las que partirán cuestiones que esperamos sean recogidas por el público al que están dirigidas, los diferentes agentes del contexto, para analizar la realidad de estas instituciones y los retos que cada profesional tiene que asumir en un centro de estas características. Cuatro apartados fundamentales del sistema artístico, que serán analizados, como pretexto y como referencia, para proponer reflexiones desde y para el CGAC y su presente después de sus más de veinte años de trayectoria.

¿Cuál es el papel de los museos? ¿Puede el museo ser una institución crítica? ¿Se aplican las buenas prácticas en el sector? ¿Desde qué perspectiva se ejerce la crítica de arte? ¿Los artistas tienen poder en el museo? ¿De que viven los artistas? ¿Hay un mercado suficiente para el volumen de la creación? ¿Cuáles son sus derechos y remuneraciones en el ámbito museístico? ¿Cuáles son los espacios del comisariado? ¿Quién se responsabiliza de las compras de una colección pública? ¿Hay igualdad de género en un ámbito aparentemente tan progresista como el artístico? Estas son algunas de las preguntas que esperamos sirvan para mapear y construir, organizar y visualizar un contexto, dibujando otras cuestiones interesantes alrededor de la reformulación, construcción y legitimación de las instituciones al servicio de la ciudadanía.

El propósito de estas jornadas es poner sobre la mesa opiniones, trayectorias y experiencias para revisar modelos y compartir nuevas ideas y estrategias que enriquezcan la figura y la significación de los museos y centros de arte contemporáneo en Galicia, ideas y estrategias que pueden ser trasladadas a cualquiera otra institución en el contexto actual. Porque no puede existir un museo sin debate, en esta ocasión el debate se traslada a las salas del propio museo. Bienvenidas y bienvenidos, ¡todas las propuestas son bien recibidas!

## PROGRAMA

XOVES, 17 DE MARZO

16:30 h **ARTISTAS**

Modera: Silvia García

Antón Patiño, Isidro López Aparicio, Carme Nogueira, Enrique Lista, Tamara Feijoo

VENRES, 18 DE MARZO

16:30 h **INSTITUCIÓNS**

Modera: Chus Martínez Domínguez

Daniel L. Abel, David Barro, Daniel Castillejo, Santiago Olmo

18:15 h Pausa café

18:30 h **CRÍTICA E COMISARIADO**

Modera: Natalia Poncela

Ania González, X. M. Buxán Bran, Javier Duero, Ángela Molina Climent

XOVES, 22 DE SETEMBRO

16:30 h **COLECCIÓNS**

Modera: Juan Carlos Román

Rosario Sarmiento, Miguel Fernández-Cid, Juan Antonio Álvarez Reyes, Virginia Torrente

CHUS MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ é licenciada en Historia e especialista en artes visuais contemporáneas. Destaca o seu labor como crítica de arte e colaboradora habitual do suplemento cultural *Babelia* do xornal *El País* e da revista *Tempos Novos*, ademais doutras publicacións especializadas coma *ArtNotes*, *Arte y Parte* ou *Artecontexto*. Exerce como comisaria independente de exposicións. En 2008, foi a coordinadora de www.espazodocumental.org, un sitio web pioneiro dedicado aos artistas galegos, e editora do libro *espazodocumental.net*, unha recompilación de ensaios publicada como resultado do devandito proxecto. Desde 2012, pertence á Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega.

SANTIAGO OLMO é comisario de exposicións independente e crítico de arte desde 1986. Formou parte do equipo de redacción da revista *Lápiz* e *Artecontexto* (Madrid). Foi comisario da representación española na XXIV Bienal de São Paulo en 1998. En 2010, dirixiu a XXXI Bienal de Pontevedra que, baixo o título de *Utrópicos*, abordou a escena artística de América Central e do Caribe, e en 2012 foi comisario da Bienal de Guatemala. Actualmente, é director do CGAC.

Os currículos dos moderadores e integrantes das mesas poderanse consultar na web do CGAC (www.cgac.org).

## PROGRAMA

JUEVES, 17 DE MARZO

16:30 h ARTISTAS

Modera: Silvia García

Antón Patiño, Isidro López Aparicio, Carme Nogueira, Enrique Lista, Tamara Feijoo

VIERNES, 18 DE MARZO

16:30 h INSTITUCIONES

Modera: Chus Martínez Domínguez

Daniel L. Abel, David Barro, Daniel Castillejo Santiago Olmo

18:15 h Pausa café

1o:30 h CRÍTICA Y COMISARIADO

Modera: Natalia Poncela

Ania González, X. M. Buxán Bran, Javier Duero, Ángela Molina Climent

JUEVES, 22 DE SEPTIEMBRE

16:30 h COLECCIONES

Modera: Juan Carlos Román

Rosario Sarmiento, Miguel Fernández-Cid, Juan Antonio Álvarez Reyes, Virginia Torrente

CHUS MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ es licenciada en Historia y especialista en artes visuales contemporáneas. Destaca su labor como crítica de arte y colaboradora habitual del suplemento cultural *Babelia* del periódico *El País* y de la revista *Tempos Novos*, además de otras publicaciones especializadas como *ArtNotes*, *Arte y Parte* o *Artecontexto*. Ejerce como comisaria independiente de exposiciones. En 2008 fue la coordinadora de www.espazodocumental.org, un sitio web pionero dedicado a los artistas gallegos, y editora del libro *espazodocumental.net*, una recopilación de ensayos publicada como resultado de dicho proyecto. Desde 2012, pertenece a la sección de Creación y Artes Visuales Contemporáneas del Consello da Cultura Galega.

SANTIAGO OLMO es comisario de exposiciones independiente y crítico de arte desde 1986. Ha formado parte del equipo de redacción de las revistas *Lápiz* y *Artecontexto* (Madrid). Fue comisario de la representación española en la XXIV Bienal de São Paulo en 1998. En 2010, dirigió la XXXI Bienal de Pontevedra que, bajo el título de *Utrópicos*, abordó la escena artística de Centroamérica y el Caribe, y en 2012 fue comisario de la Bienal de Guatemala. Actualmente, es director del CGAC.

Los currículums de los moderadores e integrantes de las mesas se pueden consultar en la web del CGAC (www.cgac.org).

CGAC
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACTIVIDADES
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631/02 / cgac.pedagogia@xunta.es
www.cgac.org
www.facebook.com/CGACSantiago
twitter @cgac_santiago

XUNTA DE GALICIA galicia